


FOLLATOS

Boletín Informativo da Biblioteca do CEIP Filomena Dato

A Valenzá. . INVERNO 2011. N° 9

<http://centros.edu.xunta.es/ceipfilomenadato/>



ENTRODO
2011

◉ COLE TRANSFORMASE NUN GRAN BOSQUE

2011 foi declarado Ano Internacional dos Bosques pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas (ONU) ao recoñecer que estes ecosistemas e a súa ordenación sostible contribúen significativamente ao desenvolvemento, a erradicación da pobreza e o logro dos obxectivos de desenvolvemento do Milenio. Esta edición é a segunda vez que os bosques son protagonistas dun Ano Internacional, xa que en 1985 o Consello da ONU para a Agricultura e a Alimentación (FAO) pediu aos Estados membros que tomasen conciencia sobre a necesidade de protexelos.

Nun mundo ocupado por sete mil millóns de persoas, os bosques, que representan máis do 30 por cento do territorio e conteñen o 80 por cento da biodiversidade do planeta, perden anualmente trece millóns de hectáreas, unha superficie equivalente á cuarta parte da península ibérica.

As causas que sinalan os expertos son todas provocadas polos seres humanos: sobreexplotación e talla ilegal, a conversión a terras agrícolas e gandeiras, recolección insostible de madeira, xestión inadecuada da terra, creación de asentamentos humanos, explotacións mineiras e petrolíferas ou a construción de encoros e estradas, entre outras.

Por iso, o lema elixido para a campaña é "**Os bosques, para as persoas**", co obxectivo de resaltar o papel fundamental dos seres humanos na protección dos bosques, fogar de 300 millóns de persoas no mundo, especialmente pobos indíxenas que están tamén ameazados.

BOSQUES GALEGOS



▪ [Parque Natural de las Fragas del Eume](#)



▪ [Aciñeiral de Cruzul](#)



▪ [Bidueiral de Montederramo](#)



▪ [Carballeiras del Río Verdugo](#)



▪ [Carballido](#)



[Faial de Pintinidoira](#)




▪ [Reboleiras del Navea](#)



▪ [Sobreirais de Arnego](#)

Para saber máis: <http://www.galiciaparaelmundo.com/blog>

BOSQUES DO MUNDO



<http://elblogverde.com/los-bosques-del-mundo/>

-sobre ecoloxía e medioambiente-

<http://viajered.com/bosques-del-mundo/>

-para viaxar polos bosques-

<http://www.fao.org/docrep/011/i0350s/i0350s00.HTM>



-para coñecer a situación dos bosques no mundo no 2009-

PARTICIPA

Entrega na biblioteca un pequeno traballo sobre estes lugares naturais e recibirás 2 Bibliopuntos

LECTURAS DEBAIXO DUN CARBALLO

Aquí tes una selección de libros que podes atopar na biblioteca coa temática dos bosques



Conto con CD






“No corazón do bosque”

“Los tesoros del bosque”

“Bambi 2, el príncipe del bosque”

“Concurso en el bosque”






“El bosque de los sueños”

“Orson y el bosque de las sombras”

“El bosque”, Mi Mundo

“El bosque”, en pictogramas



“La sinfonía del bosque”

“Un mar de bosques”

“El bosque de los grumos”

“O bosque animado”

E MOITAS MÁIS...

PARTICIPA


Entrega un resumo DALGÚN DOS LIBROS na Biblioteca e recibirás 1 Bibliopunto

CINE MEDIOAMBIENTAL




Unha curtametraxe de Isabel Coixet, para a campaña ambiental Nature Movies, de Nokia e a revista Fotogramas, rodadas cun teléfono no ano 2006. Silent Park, unha das máis belas paraxes de Canadá, foi devastado por tres tormentas. Miles de árbores foron arrancadas pola cifra e queimadas polos raios. Os habitantes de Vancouver choran, mentres esperan plans de repoboación que nunca se fan efectivos.

[“10.000 árbores”, de Isabel Coixet \(youtube\)](#)



No bosque conviven en paz animais e árbores cando aparece un novo e estraño veciño: o poste. Cando a harmonía do entorno é alterada pola man do home, os moradores do monte loitarán para recuperala. Primeira longametraxe con animación 3D de Europa. Recoñecida con multitude de premios en todo o mundo
-dispoñible na biblioteca-



Este é o décimo documental dos 11 da serie Planeta Tierra creada pola BBC. É a historia definitiva da vida na Terra, unha impresionante experiencia televisiva que combina escenas nunca vistas antes, localizacións imposibles e momentos íntimos das criaturas máis queridas, salvaxes e esquivas do planeta.

Catro anos de produción foron necesarios para elaborar este apaixonante proxecto, durante os cales, 40 equipos de rodaxe con cámaras de alta definición, nunca antes aplicadas á gravación dunha serie documental, despregáronse por todos os continentes en máis de 200 localizacións e obtiveron 10.000 horas de material filmado.

-dispoñible na biblioteca-



E PARA ESCOITAR:
[“Cuentos del bosque de Viena”](#)
de Johann Strauss, interpretado pola orquesta Internacional de Praga
(en Youtube)

MIL PRIMAVERAS MÁIS PARA A CULTURA GALEGA